

ano 2004, ao abeiro das bases reguladoras do Igape previstas no convenio de financiamento entre a Xunta de Galicia e as entidades financeiras do Fondo de Desenvolvemento Inesga para o financiamento de proxectos de investimento empresarial de especial interese para Galicia, que será de 529.955 euros que se financiarán con cargo á partida 02.01 01/01/09 dos seus orzamentos.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2004.

Margarita Rodríguez Rama

Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Resolución do 1 de xuño de 2004 pola que se crean ficheiros de datos de carácter persoal da Universidade de Santiago de Compostela.*

O artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), establece que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só se poderán facer por medio de disposición xeral publicada no *Boletín Oficial del Estado* ou diario oficial correspondente.

A Universidade de Santiago de Compostela aprobou a regulación dos seus ficheiros para a súa adecuación á LOPD mediante Resolución do 24 de xuño do 2002 (DOG do 9 de agosto), pero tanto a reflexión producida no seo da elaboración do Plan estratéxico das TIC, como a implantación efectiva de medidas de seguridade, así como a realización de novos servizos ou actividades por conta da USC, fixeron aconsellable a creación de novos ficheiros de protección de datos que se engaden aos xa existentes, así como a modificación dos existentes por reorganizacións administrativas producidas na Universidade de Santiago de Compostela.

Deste xeito, créase un ficheiro de bolsas que recolla tanto as da universidade, as do MECD, como as de servizos propios tales como o Sistema Universitario de Residencias, así como un ficheiro que recolla os posibles investidores e promotores que queiran participar en proxectos de creación de empresas.

Na súa virtude, e co fin de dar cumprimento ao mandato legal do artigo 20 da LOPD, sobre creación

ou modificación de ficheiros que conteñan datos de carácter persoal xestionados pola Universidade de Santiago de Compostela, e de lles asegurar aos administrados o exercicio dos seus lexítimos dereitos,

### DISPOÑO:

Primeiro.- Créase o ficheiro de Xestión de bolsas, axudas e subvencións, e o ficheiro de Xestión de investidores e proxectos. A súa descrición contense no anexo desta resolución, indicando o nivel de medidas de seguridade básico, medio ou alto correspondente a cada un destes ficheiros, en aplicación do Real decreto 994/1999, do 25 de xuño, Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal.

Segundo.- Modifícase o Ficheiro 6. Servizo Universitario de Residencias aprobado por Resolución do 24 de xuño de 2002 (DOG do 9 de agosto), na súas letras f) e g), no seguinte sentido:

«f) Órgano da Administración responsable dos ficheiros:

Vicerreitor/a de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria.

g) Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición:

Vicerreitor/a de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria».

Terceiro.- Os ficheiros que se indican no anexo rexeranse polas disposicións xerais e instrucións que se detallan para cada un deles, e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e aos regulamentos de superior rango que lles sexan aplicables.

Cuarto.- A aprobación desta resolución non supón a supresión de ningún ficheiro de datos de carácter persoal, polo que non é necesaria a aplicación do disposto no artigo 20.3º da LOPD.

Quinto.- Ademais das cesións previstas para cada un dos ficheiros, poderanse realizar cesións sempre que así se recolla nunha norma ou para os efectos de lles remitir datos aos servizos estatísticos, tanto estatais como da comunidade autónoma, para o desenvolvemento das funcións propias destes servizos ou entidades, e cos límites establecidos na lei.

Sexto.- Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2004.

Senén Barro Ameneiro

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

## ANEXO

Ficheiro 10: Xestión de bolsas, axudas e subvencións.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos para este:

Ficheiro para a concesión e xestión de bolsas e axudas do MECD, da USC e bolsas do Servizo Universitario de Residencias (SUR).

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou resulten obrigados a subministralos:

Alumnos de 1º, 2º e 3º ciclo, títulos propios, CAP, posgrao, alumnos dos programas de intercambio e mobilidade, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos.

c) Procedemento de recollida de datos de carácter persoal:

Declaracións, formularios e transferencia de datos por medios electrónicos, magnéticos ou telemáticos.

d) Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos nel:

-Estrutura de base de datos relacional.

-Tipos de datos:

\* Identificativos e persoais.

\* De circunstancias familiares, sociais e académicas.

\* Económico-financeiros e patrimoniais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, de ser o caso, transferencias de datos que se prevexan a países terceiros:

\* Xunta de Galicia.

\* Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

\* Consello de Coordinación universitaria.

\* ANECA.

f) Órgano da Administración responsable do ficheiro:

Vicerreitor de estudantes e relacións institucionais.

g) Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición:

Vicerreitor de estudantes.

h) Medidas de seguridade con indicación do nivel exixible:

Nivel medio.

Ficheiro 11. Xestión de investidores e proxectos.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos para el:

Base de datos de investidores e promotores coa finalidade de pór en contacto promotores con proxectos empresariais en busca de financiamento con investidores adscritos á rede Uniban. O uso do ficheiro permitirá a xestión de todo o procedemento de recolla da información, circulación dos proxectos con criterios selectivos, e facilitar o encontro entre promotores e investidores.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

-Investidores: persoas físicas ou xurídicas que de modo voluntario decidan adherirse á rede de investidores privados Uniban co fin de atopar proxectos ou empresas en que investir e, se é o caso, achegar os seus coñecementos en materia de xestión, experiencia e a súa rede de contactos.

-Promotores: persoas con algunha vinculación co ámbito universitario con proxectos empresariais innovadores ou empresas innovadoras xa constituídas que andan á procura de financiamento.

c) Procedemento de recolla de datos de carácter persoal:

Declaracións, formularios e transferencia de datos por medios electrónicos, magnéticos ou telemáticos.

d) Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos nel:

-Estrutura de base de datos relacional.

-Tipos de datos:

\* Identificativos.

\* Perfil do investidor.

\* Perfil do proxecto.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, de ser o caso, transferencias de datos que se prevexan a países terceiros:

Non se prevén cesións de datos. A posibilidade de ceder datos a terceiros como outras redes de investidores, incluso de terceiros países, sempre se realizará co consentimento dos afectados.

f) Órgano da Administración responsable do ficheiro:

Vicerreitor de investigación e innovación.

g) Servizos ou unidades ante os que se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición:

Vicerreitor de investigación e innovación.

h) Medidas de seguridade con indicación do nivel exixible:

Nivel básico.

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 22 de xuño de 2004, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fan públicas as listas definitivas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo reservados a persoal laboral, reguladas no Decreto 217/2003, do 11 de abril, correspondentes á categoría 016 (conductor/a) do grupo IV, de conformidade co establecido na Resolución do 17 de novembro de 2003.*

Rematados os prazos fixados pola resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 27 de abril de 2004 (DOG nº 86, do 5 de maio) pola que se fan públicas as listas provisionais para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo reservados a persoal laboral, reguladas polo Decreto 217/2003, do 11 de abril, correspondentes a categoría 016 (conductor/a) do grupo IV, constatada a existencia dalgúns erros materiais e vistas polas comisións permanentes para a contratación temporal de persoal laboral, na correspondente sesión, as alegacións formuladas polos interesados unha vez elevada a oportuna proposta, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas as listas definitivas para a cobertura, con carácter temporal, de postos de traballo reservados a persoal laboral correspondentes á categoría 016 (conductor/a) do grupo IV. As listas estarán expostas na forma que seguidamente se indica:

- Solicitantes admitidos na lista con indicación da puntuación
- Solicitantes excluídos con expresión da causa de exclusión.

Segundo.-As citadas listas atópanse expostas nos taboleiros de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, nos das súas delegacións provinciais e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia. Así mesmo, os ditos datos poderán consultarse nas páxinas oficiais da internet da Xunta de Galicia.

Terceiro.-As listas entrarán en vigor a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, quedando desde ese momento sen efecto as listas elaboradas conforme os Decretos 89/1997, do 10 de abril e 70/2000, do 31 de marzo, correspondentes á categoría 016 (conductor/a) do grupo IV.

Cuarto.-Os solicitantes excluídos, de ser o caso, disporán do prazo dun mes contado a partir do día

seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, para solicitar a devolución das taxas por dereitos de inscrición, debendo consignar o nome e apelidos, NIF, número da conta bancaria (vinte díxitos) e localidade desta, achegando, así mesmo, copia cotexada do modelo de autoliquidación da taxa.

Quinto.-De conformidade co establecido no punto 3.2.2. da base 3ª da Resolución do 17 de novembro de 2003 (DOG nº 228, do 24 de novembro), desde o día seguinte ao da publicación no DOG do anuncio de exposición das listas definitivas desta convocatoria quedará permanentemente aberto o prazo para a presentación de novas solicitudes segundo o establecido nos artigos 3º e 8º.4 do Decreto 217/2003, do 11 de abril.

Sexto.-Contra esta resolución poderán os interesados interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2004.

Belén Prado Sanjurjo  
Directora xeral da Función Pública

### CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

*Resolución do 14 de xuño de 2004, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se outorgan os destinos correspondentes ao concurso de traslados do 3 de novembro de 2003, polo que se ofertaban prazas vacantes e de nova creación dos corpos de oficiais, auxiliares e axentes da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Visto o expediente instruído como consecuencia do concurso de traslados convocado por resolución do 3 de novembro de 2003 (BOE do 2 de decembro e DOG do 25 de novembro, e corrección de erros no BOE do 23 de decembro e DOG do 11 de decembro) para cubrir prazas vacantes e de nova creación entre oficiais, auxiliares e axentes da Administración de xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta dirección xeral, de conformidade co establecido nos artigos 54, 55 e 57 do Real decreto 249/1996, do